

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **PROVINCIAL**

#### **DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

##### **Subvencións e axudas**

*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DE PERSOAL DAS UNIDADES DE APOIO Á ACTIVIDADE DOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O 2023*

*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DE PERSOAL DAS UNIDADES DE APOIO Á ACTIVIDADE DOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2023.*

A Deputación de Pontevedra, en liña cos obxectivos do compoñente 23 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PRTR), ven apostando pola realización de accións e execución do programa denominado plan de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra para promover, entre outros, a capacitación e inserción laboral de colectivos vulnerables e contribuír á reactivación de sectores estratéxicos, en liña cos programas do citado Plan de España e dando cumprimento ao mandato contido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021.

Neste contexto é vital impulsar e consolidar o desenvolvemento das entidades de Economía Social preferentemente en áreas vinculadas coa inclusión de colectivos vulnerables que cobren demandas sociais non satisfeitas polo mercado e promoven as transformacións sociais e económicas no territorio.

En base ao anterior, debe procurarse por unha banda o acceso das persoas con discapacidade ao emprego ordinario e promoverse a adopción de medidas favorecedoras da inclusión das persoas con discapacidade e o seu acceso ao emprego ordinario e estabilidade de conformidade co Real Decreto Lexislativo 1/2003, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con discapacidade e da súa inclusión social. E, por outra banda o apoio á creación e funcionamento de Centros Especiais de Emprego e enclaves laborais que faciliten a integración deste colectivo no mercado de traballo como pode ser a través dos Centros Especiais de Emprego regulados no Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba o regulamento de Centros Especiais de Emprego e demais normativa concordante de aplicación.

Ditos centros son elementos básicos integradores das persoas con discapacidade no mundo ordinario do traballo cando, polas súas circunstancias de orde persoal, non poidan exercer unha actividade laboral nas condicións habituais. Desde a posición que ocupan, cumpren non só a finalidade social que perseguen senón tamén esixencias de toda orde que o seu campo



de aplicación legal lles confire e teñen como obxectivo principal realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado, e tendo como finalidade asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores, á vez que sexa un medio de integración do maior número de persoas ao réxime de traballo ordinario.

Por tanto, resulta necesario favorecer o fomento de iniciativas como as que desenvolven os citados centros para o apoio á autonomía das persoas con discapacidade e de emprego para colectivos especialmente vulnerables abertos á colaboración con outros axentes facilitadores do tránsito laboral, tanto públicos como privados.

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra pretende apoiar o funcionamento dos Centros Especiais de Emprego da provincia de Pontevedra que faciliten a integración das persoas con discapacidade no mercado de traballo coa finalidade última de fomentar o acceso ao emprego ordinario das persoas con discapacidade, o mantemento do emprego, a mellora da súa empregabilidade ao longo do ciclo laboral e o seu desenvolvemento profesional.

En congruencia cos principios informadores da Unión Europea e co principio de autonomía provincial, consagrado nos artigos 137 e 141 da Constitución, correspóndelles ás Deputacións a decisión de definir as prioridades na execución das distintas liñas de actuación en relación ao fomento do desenvolvemento económico e social no territorio provincial, adecuándoas ás especificidades e necesidades da poboación, dentro dos límites establecidos para o debido control e vixilancia do uso dos recursos públicos.

Así mesmo, desde o punto de vista competencial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establécese que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. En particular, no artigo 109 letra d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispónse que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Por todo isto, a Deputación de Pontevedra, no uso das competencias e atribucións que ten asignadas pola vixente LRBRL, e seguindo o establecido no Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España e dando cumprimento ao mandato contido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, establece as bases que regulan as subvencións para o financiamento dos custos de persoal das unidades de apoio á actividade dos Centros Especiais de Emprego sen animo de lucro para o ano 2023.



Luns, 2 de outubro de 2023

Núm. 190

*PRIMEIRA.- OBXECTO.*

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da concesión de subvencións públicas destinadas a financiar os custos de persoal imputables ao exercicio 2023 das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación e/ou dirección dos Centros Especiais de Emprego (en adiante CEE) con sede e centro de traballo na provincia de Pontevedra que estean inscritos no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego e teñan recoñecida a súa carencia de ánimo de lucro na data de publicación desta convocatoria, coa finalidade de promover a integración laboral das persoas con discapacidade con maiores dificultades de inserción mediante o seu emprego nos CEE que operan na provincia de Pontevedra.

*SEGUNDA.- ACTUACIÓNS E GASTOS SUBVENCIONABLES.*

A Deputación de Pontevedra concederá subvencións para o financiamento dos custos de persoal (custos salariais e de seguridade social por conta da empresa) das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación e/ou dirección, dos CEE que xa estean legalmente constituídos e en funcionamento no momento de publicación das presentes bases e convocatoria e que acrediten documentalmente a contratación de persoal con discapacidade. Deste xeito, para que se teñan en conta as contratacións das persoas con discapacidade do CEE á hora do reparto, estas deberán ter sido formalizadas con anterioridade á publicación das presentes bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O período subvencionable dos contratos do persoal das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación e/ou dirección comprenderá todo o ano natural 2023, en concreto, os gastos destas tipoloxías de persoal xerados durante este período.

Serán subvencionables os custos salariais das unidades de apoio, xa sexan contratos formalizados con anterioridade ou posterioridade á publicación destas bases. A contía da subvención dependerá da gradación establecida na base 11ª, percibíndose o 100% da mesma cando se xustifiquen os citados gastos por importe igual ou superior e se manteñan contratadas o número de persoas con discapacidade do CEE que se tiveron en conta para adxudicar o importe da subvención, de non ser así realizarase o axuste proporcional, sen que o número ou tipoloxía dos contratos das unidades de apoio inflúa a estes efectos.

*TERCEIRA.- ENTIDADES BENEFICIARIAS.*

Poderán solicitar estas axudas os CEE sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Figurar inscritas como Centro Especial de Emprego no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 200/2005, de 7 de xullo polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia.



Luns, 2 de outubro de 2023

Núm. 190

- b) Ter recoñecida a súa condición como Centro Especial de Emprego “sen ánimo de lucro”.
- c) Constar tanto domicilio social como centro de traballo obrigatoriamente na provincia de Pontevedra.
- d) Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- e) Non incorrer nalgunha das prohibición previstas na Lei Xeral de Subvencións nin estar incluída nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

A ausencia dos requisitos a), b) e c) anteriores no momento de publicación das presentes bases e convocatoria no BOPPO, así como a obtención dos mesmos con posterioridade a esta data de referencia serán causas de exclusión directa. Os demais requisitos sinalados deberán cumprirse na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de vixencia desta convocatoria.

#### *CUARTA.- FINANCIAMENTO E IMPORTE DAS SUBVENCIÓNS.*

A contía total destinada a estas axudas ascende a un importe de 60.000,00€ e financiarase con cargo á aplicación 23/240.2410.489.90 do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2023, quedando sempre a concesión destas subvencións condicionada á existencia de crédito suficiente.

Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo das axudas será de 12.500,00€ para cada unha das entidades solicitantes. En caso de que o crédito dispoñible fose insuficiente farase un rateo proporcional entre todas as solicitudes para subvencionar todas aquelas que resulten seleccionadas.

#### *QUINTA.- RÉXIME APLICABLE ÁS AXUDAS.*

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo primeira e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.

#### *SEXTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.*

Soamente se admitirá unha única solicitude de subvención por cada entidade solicitante.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo>).



Luns, 2 de outubro de 2023

Núm. 190

gal) (CÓDIGO SIA 303005), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O formulario normalizado, de uso obrigatorio, recolle os elementos de información e declaracións que as entidades interesadas deben prever para tramitar as solicitudes, entre as que se inclúen:

- A relación de postos de traballo para os que se solicita a subvención indicando o número de postos e os seus custos estimados desagregados.
- Declaración xurada de non incorrer nalguna das prohibicións previstas na Lei Xeral de Subvencións nin estar incluída nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Declaración xurada de non recibir outras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade ou, no seu caso, de que os ingresos ou recursos alleos non superan o custo da finalidade subvencionada indicando a contía recibida e entidade que financia.

Para a presentación das solicitudes, a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNI-e).

Acompañando á solicitude deberá achegarse toda a documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos. Tamén deberán achegar toda aquela documentación que acredite o cumprimento dos criterios de selección indicados na solicitude para que sexan obxecto de valoración.

Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa de desestimación da solicitude.

#### *SÉTIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.*

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases reguladoras e convocatoria así como do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

#### *OITAVA.- COMPROBACIÓN DE DATOS.*

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e que se detallan a continuación:

- NIF da persoa xurídica solicitante.
- Domicilio social da entidade solicitante.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).



Luns, 2 de outubro de 2023

Núm. 190

- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA).
- Certificado de estar ao corrente do pagamento da Seguridade Social.
- Certificado de estar ao corrente dos pagamentos coa Deputación de Pontevedra.

No caso de que as entidades interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

#### *NOVENA.- DOCUMENTACIÓN.*

As entidades interesadas deberán achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos e criterios de selección indicados na solicitude e esixidos nas presentes bases para que sexan obxecto de valoración:

- a) Acreditación da representación da persoa representante dos CEE, só no caso de non empregar o certificado cualificado de representante.
- b) Informe de datos para a cotización e información por período de liquidación e conta de cotización (Idcpl-ccc), do mes de agosto de 2023, no que deberán figura todos as persoas con discapacidade traballadoras do Centro Especial de Emprego e chegado o caso tamén con contratos formalizados con anterioridade a data de publicación que aínda non figuren en dito ficheiro para o reparto de cantidades indicadas na base decimo primeira.
- c) Acreditación documental da cualificación como Centro Especial de Emprego.
- d) Acreditación documental do recoñecemento da carencia de ánimo de lucro do CEE.

Durante a instrución do procedemento, a Deputación de Pontevedra poderá requirir calquera documento acreditativo dos requisitos establecidos nas presentes bases. No caso de ter que achegar documentación complementaria, as entidades interesadas deberán presentala de xeito obrigatorio por medios electrónicos. As entidades beneficiarias responsabilizaranse da veracidade dos documentos entregados. Excepcionalmente, a administración poderá requirir a mostra do documento orixinal para cotexar a copia electrónica presentada.

#### *DÉCIMA.- TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.*

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 da devandita lei que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente



Luns, 2 de outubro de 2023

Núm. 190

os documentos preceptivos, indicándolle que, de non o facer, terase por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 – Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Na sede electrónica están dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as entidades interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de xeito electrónico ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.

#### *DÉCIMO PRIMEIRA.- VALORACIÓN E CONCESIÓN.*

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo en conta para o reparto das cantidades das subvencións o número de persoas con discapacidade contratadas no CEE que se indiquen no informe de datos para a cotización e información por período de liquidación e conta de cotización (Idcpl-ccc), aportado na fase de solicitude e chegado o caso tamén con contratos formalizados con anterioridade a data de publicación que aínda non figuren en dito ficheiro, non sendo acumulables os tramos:

- a) 10 ou menos persoas traballadoras con discapacidade: 2.500,00€
- b) De 11 a 20 persoas traballadoras con discapacidade: 4.500,00€
- c) De 21 a 30 persoas traballadoras con discapacidade: 6.500,00€
- d) De 31 a 40 persoas traballadoras con discapacidade: 9.500,00€
- e) Máis de 40 persoas traballadoras con discapacidade: 12.500,00€

A estes efectos, entenderanse como traballadores con discapacidade dos CEE aquelas persoas contratadas que se atopen nalgún dos supostos tal e como indica a súa propia normativa:

- a) Persoa con parálise cerebral, persoas con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual, cun grado discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%.
- b) Persoas con discapacidade física ou sensorial cun grado de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65%.



Luns, 2 de outubro de 2023

Núm. 190

Para que se teñan en conta as contratacións das persoas con discapacidade contratadas polo CEE solicitante á hora do reparto, estas deberán ter sido formalizadas con anterioridade á publicación das presentes bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

#### *DÉCIMO SEGUNDA.- INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.*

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. As actividades de instrución comprenderán:

- a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- b) Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme cos criterios de valoración.

Unha vez avaliadas as solicitudes, e previo informe de Intervención, a comisión de valoración emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, á vista do expediente e do informe da comisión de valoración, elevará a proposta de resolución e someteraa ao órgano competente. Nesta proposta farase tamén referencia ás entidades que non cumpran as condicións e á motivación da súa exclusión.

A comisión de valoración é un órgano colexiado composto polos seguintes membros:

*Presidente/a:* O deputado ou deputada que ostente a delegación en materia de Emprego.

*Vogais:* O xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un membro do equipo técnico da Intervención da Deputación de Pontevedra.

*Secretario/a:* Un membro do equipo técnico do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

A resolución do procedemento correspóndelle ao órgano competente da Deputación de Pontevedra. O prazo máximo para resolver e notificarlles ás entidades interesadas a resolución do procedemento é de seis meses a contar dende a publicación da presente convocatoria. Transcorrido este prazo sen notificarse a resolución aos interesados, a solicitude de concesión da subvención entenderase desestimada por silencio administrativo.

A resolución da concesión de subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e surtirá os efectos da notificación, de acordo co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.





Luns, 2 de outubro de 2023

Núm. 190

*DÉCIMO TERCEIRA.- NOTIFICACIÓNS.*

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións realizaranse a través do Servizo de Notificacións Electrónicas, dispoñible a través da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>). Este sistema remitiralles aos centros interesados avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que esta se considere plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a aquelas.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

*DÉCIMO CUARTA.- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN.*

As subvencións concedidas entenderanse aceptadas se os beneficiarios non se opoñen ou a rexeitan expresamente no prazo de dez días hábiles contados dende a súa notificación.

*DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE.*

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Ademais, a Deputación de Pontevedra publicará a concesión das subvencións no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na súa páxina web, e remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións.

*DÉCIMO SEXTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS.*

As subvencións previstas nesta convocatoria serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero a contía total da subvención non poderá en ningún caso superar os custos totais da contratación do persoal subvencionado.



A tal efecto, as entidades beneficiarias da subvención deberán comunicarlle á Deputación Provincial se obtiveron outras subvencións ou axudas ou ingresos para a mesma finalidade tanto no momento da presentación da solicitude coma durante a tramitación do procedemento.

A subvención concedida é incompatible con outras axudas concedidas por outros Servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio, salvo coas concedidas ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos), coas que si serán compatibles. A entidade beneficiaria deberá comunicar que é beneficiario doutra subvención do organismo provincial, de se dar o caso.

#### *DÉCIMO SÉTIMA.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.*

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en particular, os beneficiarios terán que dar cumprimento ás seguintes:

- a) Cumprir os requisitos dentro do período obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación. En todo caso, o financiamento dos custos de persoal deberá cumprir os requisitos previstos na normativa de aplicación.
- b) Realizar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido. A este respecto, as medidas de difusión consistirán, polo menos na publicación na páxina web e/ou redes sociais da entidade beneficiaria da axuda outorgada pola Deputación de Pontevedra. Así mesmo, na documentación administrativa deberase facer mención ao financiamento da Deputación provincial.
- c) Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia excepcional e debidamente xustificada que altere ou dificulte o desenvolvemento da actuación subvencionada.
- d) Comunicar calquera outra axuda, ingreso ou subvención recibida para o mesmo fin. Cando o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada, o importe da subvención deberá ser obxecto de modificación.
- e) Cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada, caso no que o importe da subvención deberá ser obxecto de modificación.
- f) Someterse ao control financeiro da subvención concedida, nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO n.º 249 do 30 de decembro de 2016.

#### *DÉCIMO OITAVA.- XUSTIFICACIÓN.*

Unha vez finalizado o período subvencionable dos contratos (31 de decembro de 2023) e de cara á xustificación final, as entidades beneficiarias deberán presentar no prazo máximo de 3 meses (31 de marzo de 2024), segundo o previsto na base décima, dirixida ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento da Deputación de Pontevedra, a seguinte documentación:



Luns, 2 de outubro de 2023

Núm. 190

1. Relación de persoal do CEE para o que solicitou a subvención e conta xustificativa dos gastos realizados con desagregación dos custos salariais e de seguridade social (débese empregar o modelo obrigatorio).

2. Memoria-resumo das actividades desenvolvidas polas persoas traballadoras do CEE cuxos gastos salariais son obxecto de subvención, na que deberá figurar tamén a documentación acreditativa da publicidade realizada.

3. Informe de datos para a cotización e información por período de liquidación e conta de cotización (Idcpl-ccc), do período subvencionable no que deberán figurar tanto o persoal das unidades de apoio obxecto da subvención como a totalidade das persoas con discapacidade contratadas no CEE que se tiveron en conta para a valoración e concesión do importe da subvención.

4. Certificado bancario que acredite o pago das nóminas.

O incumprimento das obrigas de xustificación levará consigo a perda da subvención.

#### *DÉCIMO NOVENA.- PAGAMENTO.*

O pagamento poderá facerse coa xustificación final unha vez rematado o período subvencionable.

Aos efectos do aboamento do importe máximo da subvención á que o CEE teña dereito terase en conta a suma total dos gastos salariais devindicados no período obxecto de subvención, non o número de persoas contratadas nas unidades de apoio á actividade profesional, coordinadores e directores dos CEE.

Para o abonamento da subvención terase en conta o seguinte:

No caso de que se xustifiquen gastos polo 100% do orzamento subvencionado:

- Abonarase a totalidade da subvención.
- Realizarase o axuste proporcional cando non se manteñan contratadas as persoas con discapacidade do CEE que se tiveron en conta para adxudicar o importe da subvención.

No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100% do orzamento subvencionado:

- Abonarase a parte proporcional da subvención sempre e cando se manteñan contratadas as persoas con discapacidade do CEE que se tiveron en conta para adxudicar o importe da subvención.
- Realizarase o axuste proporcional cando non se manteñan contratadas as persoas con discapacidade do CEE que se tiveron en conta para adxudicar o importe da subvención.

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo beneficiario.

A variación ou incumprimento de condicións ou circunstancias avaliáveis na concesión que, de coñecerse no momento da avaliación desen lugar a unha subvención inferior, suporá o axuste



Luns, 2 de outubro de 2023

Núm. 190

á baixa da subvención concedida, salvo nos supostos de variación substancial ou incumprimento da finalidade, nos que poderá producirse o inicio do procedemento de perda de dereito de cobro ou reintegro da subvención.

#### *VIXÉSIMA.- INCUMPRIMENTOS, REINTEGROS E RÉXIME SANCIONADOR.*

Vencido o prazo de xustificación sen que a entidade beneficiaria da subvención presentara a documentación xustificativa, o Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento local requirirá á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá o inicio do procedemento de perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

O incumprimento por parte das entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nas presentes bases e demais normas aplicables, así como as condicións que, no seu caso se establezan na correspondente resolución de concesión dará lugar a deducións ou á cancelación da mesma e á obriga, no seu caso, de reintegrar a achega económica, segundo o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

No caso de incumprimento parcial das obrigas, minorarase a contía da subvención segundo o establecido no artigo 28 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

No referente ás infraccións e sancións administrativas, será de aplicación o previsto nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como no artigo 32 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

#### *VIXÉSIMO PRIMEIRA.- RÉXIME XURÍDICO.*

As subvencións rexeranse polas presentes bases reguladoras. De xeito supletorio, aplicarase o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO nº 249 do 30 de decembro de 2016, nas bases de execución do orzamento vixente da Deputación de Pontevedra e demais normativa de pertinente aplicación.

Así mesmo, rexeranse pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

#### *VIXÉSIMO SEGUNDA.- RECURSOS.*

Contra o acordo de aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no



Luns, 2 de outubro de 2023

Núm. 190

prazo de dous (2) meses establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

#### *VIXÉSIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS.*

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que as entidades interesadas declaren na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

Ademais, os datos persoais obtidos poderán ser obxecto de inclusión nunha base de datos coa finalidade de recibir información do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra relativa á proposición de perfís profesionais que puidesen ser de interese polo ámbito de actuación das entidades solicitantes.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento comunicaránelles ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas ou entidades interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Documento asinado dixitalmente á marxe

